

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezaioito horas do día trinta de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2185).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2186).- REVISIÓN PREZOS DO CONTRATO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18535/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 27-11-2008, da técnico de Admon. Xeral do departamento de Patrimonio, conformado polo concelleiro-delegado de Contratación e fiscalizado e conformado en data 30-12-2008 pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas de Vigo, adxudicado á empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., por acordo da XGL de 11 de setembro de 2006, fixando este a partir do 1 de setembro de 2008 na cantidade de 2.585.358,49 euros/ano.

3(2187).- AUTORIZACIÓN PAGO DIETAS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 10237/332.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación de data 22-12-2008, conformado polo xefe do servizo e pola concelleira-delegada de área, vistas así mesmo a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral de data 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aproba-la cantidade de 2.469,43.-€ (DOUS MIL CATROCENTOS SESENTA E NOVE CON COARENTA E TRES EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- MIGUEL A. CARRERA MOURIÑO, NIF: 35.943.947-F, GRUPO B (18/11/08 – 16/12/08)	13 X 39,78.-€	517,14.-€
Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B (04/09/08 – 09/12/08)	18 X 39,78.-€	716,04.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (07/10/08 – 15/12/08)	6 X 36,72.-€	220,32.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (04/09 /08 – 11/12/08)	13 X 36,72.-€	477,36.-€
Zona 5.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A (04/11/08 – 16/12/08)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 6 .- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R, GRUPO D (09/09/08 – 21/10/08)	6 X 36,72.-€	220,32.-€

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezaioito horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.